




O Noso Lar

1.º Semestre 2003 • Boletín n.º 5



Vidas Sacrificadas

Sumario

Presentación	1
Persoeiros	
Persoeiros	2
O Lema	
Vidas sacrificadas	3
Maiores	
Sorbos de sabedoría	4
2003 Ano europeo dos discapacitados ..	5
Arte	
O retábulo barroco de San Mamede de Couto	6
A nosa historia	
O dezasete na Ponte	8
Teatro en Lóuzara	9
Parroquias	
Restauración das nosas Igrexas Parroquiais	
10	
San Xulián de Teivilide	12
Actividades	
Curso de Monitores de Tempo Libre ...	13
Canción	14
Viaxe a Helmántica	15
Crónica dun sentimento	16
Os preparativos dunha gran festa	17
Campamento de Cangas	18
Vacacións-convivencia en Francia	19
Hixiene alimentaria	
A hora da matanza do porco	20
Saúde	
O coidado dos pés	22
Agricultura e medio ambiente	
O bo aproveitamento dos prados	23
Experiencias	
Días de convivencia en Samos	24
Graciñas	26
O Nadal derrete a neve en Lousada ...	27
Boletín de suscripción	28

Edita:

Fundación O Noso Lar
San Román de Lousada
27620 SAMOS – Lugo
Tel.- Fax : 982 187004

Director:

Miguel Gómez Vázquez

Consello de redación:

Saladina Diéguez Villaraviz
Julio Fernández Doval
Manuel Varela
Amparo Páramo Vázquez
Miguel Gómez Vázquez
José Manuel Castro
Castedo

Colaboradores:

Jaime Delgado Gómez
Carlos Sampedro
Adela Arias Conejo
Oscar López
Miguel Sampedro
José Luis Garza
Xulio Pérez Pereiras
Alba M. Álvarez Vergara
Concepción Rodríguez
Fdez.
Manuel Otero
Santy López
Isabel Chousa
Carlos M. Franco Abuín
Eva Fernández Limeres

Fotos portada e

contraportada:

Santy López

Depósito Legal:

LU-229-01

ISSN:

1579-8909

Maqueta e Imprime:

GRAFIC-LUGO, S.L.



presentación

Co lema **Vidas sacrificadas** sae á luz, cun pouco de retraso, o número catro do Boletín **O Noso Lar**. Un xermolo das sementes que moitos amigos cultivan con sacrificio e amor. Unha sinxela e humilde exposición da nosa rica e dinámica historia.

Todos sabemos que, así como non hai historia sen sacrificio, tampouco a hai sen amor. Percibímolos desde a experiencia. E, se sabemos escoitar e le-la vida, poderemos confirmalo nos libros abertos que son as vidas dos nosos maiores. Os seus rostros enrugados e as súas mans desgastadas e endurecidas fálannos de historias sacrificadas e cheas de vida. A beleza natural da nosa terra, marabilla da creación, débemosllo, en parte, a eles; xa que se preocuparon de plantar e coida-las nosas carballeiras e soutos, agora tan maltratados e abandonados, que podemos considerar un símbolo da harmonía da nosa paisaxe.

As igrexas parroquiais, herdanza sagrada dos nosos antepasados, son expresión dun sinxelo e significativo patrimonio artístico, en moitos casos única referencia da identidade dos nosos pobos. A súa conservación é froito, sen lugar a dúbidas, do esforzo sacrificado das xentes que formaron e forman as parroquias. É unha manifestación máis do amor á nosa terra, á nosa cultura, en definitiva á nosa historia.

Estes e outros moitos aspectos, que están presentes e podemos ler na memoria das nosas parroquias, fálannos do espírito de sacrificio co que viviron e seguen a vivi-las persoas maiores. O compromiso coa familia e a vida parroquial, asumido e construído como un reto persoal desde a perseverancia e a paciencia, con actitude de renuncia de si mesmos e de servizo ós demais fai das mulleres e homes das nosas aldeas un libro rico en valores, impregnado de amor.

Todo isto non pasa desapercibido para os máis novos; ó contrario, desperta e provoca neles os nobres sentimentos da solidariedade, da entrega sacrificada e ilusionada, que os empurra a colaborar xenerosamente na dinamización e animación da vida das nosas aldeas e parroquias.

Nesta realidade rural caracterizada polo envellecemento, pola despoboación e a dispersión estimula e ilusiona ver como as mozas e mozos están a ser os protagonistas de todo un movemento social que ten por finalidade a solidariedade e a convivencia interxeracionais. Estamos convencidos de que nesta situación concreta este é o camiño máis adecuado para xerar esperanza e contaxiar ilusión como reza a letra da canción adicada ós maiores na festa do verán:

*É posible facer medra-lo pequeno,
é posible crear vida onde haxa un irmán,
e se ti estás connosco haberá máis semente,
xuntos todo é mellor.*



en resumen

Persoeiros

Non teño mellor palabra para defini-los **PERSOEIROS**. Desde que esta revista naceu veño escribindo este espacio adicado a persoas que dalgún xeito tiveran ou teñan algunha unión ou vencello co Concello de Samos.

Neste caso non me vou referir a unha persoa en concreto, senón a centos e centos delas. Oxalá non tivera que facer uso desta dedicatoria, pero é que a realidade empúrrame a facelo. Estes días os galegos non podemos pensar noutra cousa máis que no afundimento do "**Prestige**", nesa masa negra e pegañenta que o está contaminando todo: mar e terra, costa e interior.

Aínda que o mar nos quede relativamente lonxe, na actualidade tennos que quedar máis preto ca nunca, porque o fuel está aí, recordándonos que non podemos durmirmos e que temos que seguir loitando, xa que neste caso non existen as distancias. Nada está lonxe, todo está preto.

Xa sei que vai ser moi difícil que todo volva ó seu lugar; pero temos o exemplo na unión de tantas e tantas persoas, que cada día se xuntan facendo que pareza que o mar e a costa queden cun pouco menos dese fuel que os mancha e mata á vez. Desde logo, un exemplo de solidariedade do que deberíamos tomar nota, e ó mesmo tempo reflexionar que o mar é de todos e non só daqueles poucos que algún día viviron del, e que hoxe vemos coas súas lanchas tinguidas de negro.



Aquí vai a miña dedicatoria para os milleiros de persoas que cada día manchan os seus traxes brancos ata deixalos da cor do cru chapapote, para os mariñeiros e pescadores que en lugar de coller peixe e marisco só poden recoller toneladas da negra sustancia.

Por eles e para eles vai esta pequena homenaxe, xa que eles son os grandes **PERSOEIROS**

Alba M. Álvarez Vergara.

Vidas sacrificadas

Hai uns trinta anos, unha poeta e novelista escribía: “Perturba ver cantas persoas esperan aplauso e recoñecemento público cando nin sequera comezaron a aprender unha arte ou oficio. O éxito instantáneo está moi presente, así como o desexar as cousas xa”. Vemos, pois, como a queixa sobre o escaso espírito de sacrificio, que ultimamente tamén se escoita, non é algo tan novo. Pero non por ser unha cuestión que leva un tempo aí, xa nos vai dispensar de dedicarlle a nosa atención. Sobre todo porque temos diante os rostros cheos de enrugaduras dos nosos vellos, que son unha mostra dunhas vidas sacrificadas.

Ás veces, o único que se bota en falta na actualidade é o aire acondicionado que fulano ten no seu coche ou as prolongadas vacacións de mengano. Podemos pensar entón que os maiores viviron nunha época máis sacrificada e que non quedaba outro remedio. Pero tamén é certo que podían optar por desdexarse, pero non o fixeron.

E cando un ancián fai unha constante men-



ción “ás que pasamos nos meus tempos” caemos na tentación de pasar por alto o que nos di. Sen embargo, témo-la posibilidade de aprender a valorar elementos importantes como son a orde, a calma, a disciplina. Sen a orde, expoñémonos a ser inoportunos; sen calma, fatigámonos e desalentámonos; sen disciplina, estamos máis cerca do fracaso. Outros valores relacionados co espírito de sacrificio son o compromiso, a perseverancia, o optimismo, a superación e o servizo. Todos estes valores perfecciónanse a un mesmo tempo coa axuda da fe: “Que os vellos sexan sobrios, serios, prudentes, robustos na fe, na constancia” (Tit 2, 2).

Manuel Varela

	CAPRICO	SACRIFICIO
Desexar / querer	Desexar (depéndese do externo)	Querer (refírese a algo interno)
Duración	Brevidade	Constancia
Obxecto	Trivial, próximo	Importante, lonxano
Desenvolvemento	Infantilismo	Madurez
Elección	Ignórase o motivo polo que un elixe	Sábese, porque renunciámonos a algo
Consecuencias	Unha vez satisfeito o desexo, decae a conducta iniciada	Conseguimos plenitude na nosa vida, facémonos responsables



Maiores

en

resumen

Sorbos

de sabedoría

Amigo:

Nunca teñas medo de que te arrinconen, pois basta un recanto para vivir.

Non repares nas enrugadas; é moi triste morrer sen elas.

Non corras, non te apresures, non te inquietes, pois a vida non está na cantidade de quilómetros senón na dirección.

Traballa, se queres, da mañá á noite, pero como quen constrúe unha casa para o seu niño ou como quen busca unha flor silvestre para a súa amada.

Aprende canto antes a despedirte, pois só quen sabe dicir “adeus” e “ata logo” leva consigo, sen que lle pese, toda a súa historia e saborea agradecido tódalas estacións.

A vellez é tempo de gracia, ¿ves? Aprendín a valora-lo pequeno.

Conto os paxaros que veñen a saudarme á miña ventá.

Agradezo a Deus cada amencer, bendigo a quen me escoita uns minutos, e sobre todo a quen comparte comigo o último relato dos meus días.

Por iso déixame que che diga:

Non menosprezades ós vellos coas vosas frases feitas, coas vosas olladas altivas, coa vosa compaixón sen carne, cos vosos soños irrealistas, cos vosos pretextos, co sabor a interrogatorio e cifras.

¡Ah! E se amades de verdade a vida, regaládenos algunha caricia: porque (e non te escandalices), cando se ama a vida tamén se bica a un morto.

Vive e ama sen dete-lo tempo, porque o tempo é só...ensaio de eternidade.

Humanizar, n.º 61



sección 1



Refraneiro

Os refráns dos vellos sempre saen verdadeiros.

Nos vellos está o saber, nos mozos o poder.

Non hai mellor consello có do amigo vello.

Do mozo a elocuencia, do ancián a experiencia.

O mozo sabe as regras, pero o vello coñece as excepcións.

O vello fallará o branco ó tira-la pedra, pero non falla coa boca. (Refrán africano dos tabwa no que se indica que o vello di cousas sabias).

Se non tes un vello, vai e mércalo. (Refrán sefardí sobre a conveniencia de estar orientado polos maiores).



2003 Ano europeo

dos discapacitados

Os ministros europeos de Asuntos Sociais acordaron declarar o 2003 como **Ano europeo das persoas discapacitadas**. Trátase de que cada un se comprometa neste tema e tamén que as autoridades europeas lexislen de maneira que os discapacitados non se vexan discriminados.

Aquí imos tratar o tema da discapacidade no que afecta ós maiores.

O ollo e o oído son os órganos que antes comezan a ver diminuídas as súas funcións normais. Nos ollos vai modificándose o cristalino e a retina. A diminución da agudeza auditiva é funcionalmente molesta entre os oitenta e noventa anos.

A alteración da maior parte do resto do organismo (sistemas nervioso e respiratorio, ósos, músculos) provoca unha redución na capacidade para realizar actividade física. Esta situación agrávase cando hai enfermidades como artrite, artrose, osteoporose, Parkinson, etc.

Tamén poden contribuír á discapacidade trastornos como a diabete, unha debilidade causada á súa vez por unha anemia ou unha enfermidade terminal, e incluso a acción sedante de moitos medicamentos.

Tódolos problemas mencionados teñen parte de culpa noutro que padecen case a cuarta parte dos maiores de 65 anos: as caídas. Ademais, o medo a caer pode levar a que a persoa se mova o menos posible.

E aínda hai que mencionar a posibilidade de que a soidade resulte máis incapacitante que calquera enfermidade.

A inmovilidade é de dous tipos: a relativa, na que a persoa leva unha vida sedentaria pero é capaz de moverse con menor ou maior independencia e a absoluta, na que o individuo se mete na cama e nin siquiera cambia moito de postura. O risco da inmovilidade relativa é que acabe neste segundo tipo.

Dos maiores de 75 anos, a metade ten problemas para saír de casa. E destes, a quinta parte non sae.

A capacidade de moverse é un indicador da calidade de vida que leva o maior porque fará que a súa independencia sexa maior. Por iso é moi conveniente detectar situacións de risco e tomar medidas preventivas e correctoras que permitan manter a vida activa.

Manuel Varela



O retábulo barroco


de San Mamede de Couto

Ideas Previas

Neste número do **Noso Lar** vaise describi-lo barroco retábulo da igrexa de San Mamede de Couto. O aspecto románico deste templo xa o traxei na obra **Concello de Samos. idistas parroquias IV** (páxinas 65-70). Ó final daquel estudio resaltábase o renacentista arco triunfal que separa o presbiterio da nave.

Pero agora o primeiro punto reseñado será a recente restauración de tan extraordinario retábulo. Realizouna o restaurador Minio, de Oviedo, en 1994, sendo párroco Don Miguel Ángel Gómez Vázquez, director da Fundación **O Noso Lar** e deste boletín. A obra foi costeada coas aportacións dos fregueses.

Pertence o retábulo ó estilo artístico que chamamos barroco. É un estilo do século XVI e comezos do XVII, e nel destaca o movemento (liñas curvas e quebradas, esculturas que relatan unha historia) e unha decoración vexetal de gran forza expresiva. As plantas soen ser tupidas ramaxes cheas de follas e froitos. Todo isto dunha carnosidade exuberante, o mesmo que os enramados soportes das cornixas e dos enrosados cuarteiróns. En fin, hai unha exhibición de frondosidade primaveral e dunha mocidade vital inqueda, apaixonada.



Descrición do Retábulo

Está composto por dous corpos. Á súa vez, o inferior subdivídese en tres partes. Hai pólas en forma de S.



Jaime Delgado Gómez

Unha delas é un S case perfecto e leva dous pares de follas, un en cada curva. A outra póla ten tres curvas cun par de follas en cada unha. As catro pólas rematan por riba insinuando cabezas de patos. En cada lado hai un par que peteira nun grande acio de uvas. As pólas de tres curvas e tres pares de follas decoran a metade inferior, cunha especie de dentes de serra.

Catro panzudas e retortas columnas, tipo salomónico, enmarcan cada unha das tres subdivisións do corpo inferior. Están envoltas por unhas vides das que colgan varios acios grandes de uvas de diversas formas. Teñen basas de tendencia ática e os capiteis imitan os clásicos corintios. Ó lado de cada columna hai unha colgante ramaxe chea de redondeados froitos e de compactas e carnosas follas.

Nas partes laterais créase un rectangular espacio interior debidamente decorado ó seu redor. Á dereita, segundo se mira, está a efixie do fundador dos franciscanos, **San Francisco de Asís**. Suxeita no alto a cruz coa súa man dereita e, estirando o brazo esquerdo, abre a man ensinando o estigma. Sabido é que nunha éxtase de amor a Cristo crucificado, as cinco feridas do Señor estigmatizáronse tamén nas mans, pés e costado do santo.

No espacio simétrico do lado esquerdo está a imaxe do tamén franciscano **San Antonio de Padua**, cos seus típicos atributos. Isto é, senta sobre o libro, sostido coa man esquerda, o Neno Xesús e, co brazo dereito un pouco estirado, apresa unha fermosa azucena ou lirio. Ámbolos dous santos visten un hábito franciscano de gran ampulosidade e idéntica factura.

As dúas efixies presentan un mesmo modelo, de notable barroquismo. Sen dúbida, son obra do mesmo taller e probablemente foron esculpidas polo mesmo artista. Tamén parece segura que sexan do tempo do retábulo.

A parte central está ocupada por un sinxelo sagrario que leva na porta o típico expositor desta etapa barroca. Rodéano catro rosetas, dúas menores arriba e dúas de maior tamaño abaixo. Sobre o sagrario preparouse un terceiro espacio rematado en arco de medio punto co intradorso decorado con cinco carnosas rosetas. Está aquí a efixie de **San Mamede**, patrono da parroquia. A súa túnica, cinxida á cintura, é lisa, e isto fainos pensar no gótico. Pero o manto aberto ó vento trasládanos xa a un iniciado barroco. Podería ser, pois, da metade do século XVII, un tempo bastante anterior ó retábulo.

O segundo corpo enmárcase tamén entre dúas columnas. Son estas de factura idéntica á das catro do corpo inferior. Na parte exterior están cinxidas polo mesmo tipo de colgantes ramaxes do primeiro corpo, cheas de carnosas follas e froitos.

Ocupa este único espazo un extraordinario Cristo crucificado. É un Cristo que o podemos situar entre a interesante imaxinería do barroco galego. O corpo é moi vigoroso, está ben proporcionado e foi esculpido con singular mestría anatómica. A cabeza, un pouco inclinada cara ó lado dereito, entre a súa longa e ben trazada cabeleira presenta un doce e expresivo rostro barbado, de exquisita execución. Montando o pé dereito sobre o outro; un só cravo cóseos á cruz. E o pano, que cobre a súa nudez, átase sobre o centro da pelve, pero un pouco ladeado cara á dereita, deixando así á vista a coxa desa parte.

Só agora queda por reseñar neste retábulo a decoración vexetal da predela, ou banco no que asenta. Unha especie de modillóns ou ménsulas, recargadas de decoración vexetal e correspondéndose coas columnas, dividen esta predela en tres sectores. Os laterais van decorados con dous casetóns recheos totalmente dunha serie de carnosas e variadas follas saídas de catro pólas, que arrancan dun tetrafolio central. Outros tres case-

tóns con esa mesma frondosidade de follas ocupan o tramo central.

As características que acabamos de ver dos ramos e casetóns sitúannos en torno ó ano 1750. Tamén nos fan pensar nesa época as columnas salomónicas envoltas en vides cargadas de acios.

Colofón

Na igrexa tamén se exhiben tres imaxes dun estilo interesante. Unha, dun papa que podería ser San Gregorio Magno (596-604), e a outra da Inmaculada, están agora sobre andeis no muro sur da nave. A Inmaculada, xuntando as mans diante do peito, apoia os seus pés na lúa e nun dragón. Viste longa túnica e manto, caídos ámbolos dous ó ser do corpo. Podería ser dos primeiros anos do século XVII. Algo posterior sería a efixie do papa.

Unha terceira imaxe, tamén da Inmaculada, a **Virxe das Ermidas**, exhibese sobre un gran bloque de brancas nubes e aparece a lúa como pedestal. Ocupa un espazo preparado para ela no muro norte do presbiterio. Trátase dunha imaxe vestida co Neno Xesús de pé e diante dela. Os rostros da nai e do fillo son tenros e van moi ben co estilo neoclásico (en torno ó ano 1800).





O dezasete na Ponte: algo máis ca unha feira

Non hai moitos anos que aínda se escoitaba na Ponte de Lóuzara o xentío que, o día dezasete de cada mes, enchía os comercios e as cantinas do lugar e os esborraquidos dos becerros prendidos na Chozza resoaban por todel. Era, daquela, o centro comercial de Lóuzara e das aldeas máis próximas dos concellos do Courel e do Incio.


A importancia comercial da Ponte de Lóuzara compréndese ó ver que, nos últimos cento cincuenta anos, tódalas casas que había tiñan algún tipo de negocio. Disto dános conta Antonio López Cortiñas, veciño da Ponte e propietario noutro dun dos comercios máis importantes. El lembra o Mesón Vello, situado ó pé do río Lóuzara, xusto antes de cruza-la ponte. Alí tivo negocio Enrique Vergara Jurjo, que máis tarde abriría outro negocio na casa que hoxe está fronte ó Mesón Vello. Xunto á casa había un muíño que lle daba clientela ó local.

Subindo cara ó medio da aldea está a Casa de Veiga e algo apartada do camiño principal estaba a Casa das Polas. Nesta última vivía o Mondelo, un home eivado dunha perna que gañaba a vida tocando o acordeón nas feiras e polas aldeas.

Seguindo cara arriba estaba a Casa de Pumarega, tamén coñecida coma O Café, pois foi a primeira en contar cunha máquina de café exprés. Nesta casa repartíase o correo. Fronte á

casa de Pumarega está a casa Cortiñas. Esta foi rexentada pola señora María e o señor Antonio e chegou a ter catro empregados traballando os días de feira. Alí servíronse moitas comidas, sendo os pratos máis solicitados os callos, as costeletas e os “bombos” de sardiñas en conserva. Tamén se celebraron banquetes de voda con baile, xa que contaba cunha sala de festas das da época. Foi unha das últimas tendas de ultramarinos que houbo na Ponte. Un longo mostrador

de madeira de máis de doce metros, que tiña unha máquina de embotellar aceite no medio, separaba as mesas das estanterías, onde un podía comprar case de todo. Conta o señor Antonio que chegou a dispensar na posguerra aceite, gas e xabrón para mil catrocentas persoas. Era a época da cartilla de racionamento de alimentos. Isto dános unha idea do volume de negocio que houbo noutra época.



Seguindo o camiño estaba a Casa de Juan Ramón. Ademais de comercio, tiña xastrería na que traballou o señor Juan Ramón, os seus fillos, un empregado de Gundriz e outro de Paderne. O señor Juan Ramón era o distribuidor das máquinas de coser Singer en toda esta zona e ata Becerreá. Tamén era o encargado de xestionar as pasaxes de barco para toda a xente que emigrara a América. Como dato de curiosidade diremos que nesta casa se escenificou a obra de teatro “O mercader de Venecia” de William Shakespeare e

que foi representada por mozos de Bustofrío e Santo Sidro.

A última cantina que había no camiño era o Tropezón, parada obrigada dos mozos que ían para Santo Sidro, Praducelo, Bustofrío ou O Courel.

No outro lado da aldea, cara ó lado de Vila do Castro, estaba a casa da Choza, no mesmo campo da feira. Ademais de ter cantina, vendíanse caixas de morto e facíase un baile tódalas feiras, coñecido co nome de “baile do tranganillo”, porque así se lle chamaba ó gramófono ou toca-discos co que se facía o baile.

Onda estes comercios e cantinas había outra serie de servizos que lle daban á Ponte a categoría de núcleo comercial da zona. Así, había unha peluqueira chamada Celia, unha zapatería, a xastrería do Ángel de Portela, o zapateiro de Silgueiros do Incio que viña a tódalas feiras ou unha pulpeira que se poñía no campo da feira.

Tamén se contaba con servizo médico, xa que na casa Cortiñas consultaban os médicos os días de feira. Alí dispuñan de dous cabalos para realiza-las visitas a domicilio. Teolindo de Samos, don Emilio do Incio ou o Requito foron algún dos médicos que pasaron consulta o dezasete de cada mes.

O dezasete na Ponte era algo máis ca unha feira. Era un punto de encontro entre as xentes dos arredores, era a oportunidade para ir comprar algo sen ter que se desprazar ó Incio ou a Sarria. O día no que se podía botar un baile de “tranganillo”, un neto de viño ou comer uns callos. Mais hoxe todo iso e moitas outras cousas só permanecen na lembranza dos que algunha vez fomos á feira do dezasete.

Teatro en Lóuzara



O grupo de teatro Milrosas volveu subir ó escenario o día 24 de agosto do ano pasado na terraza da casa de Pepe do Campo, en Bustofrío. As preto de dúascentas persoas alí reunidas puideron ver representadas dúas pezas satíricas de Manuel Varela Buján tituladas “De mulleres non me fales” e “Os casados

de pouco”. Tamén puxemos en escena o poema de Manuel María “O carro”, a “Oda ó pan centeo” e “Oda á vaca louzariña” de Fiz Vergara, varios poemas de “Os eidos” de Uxío Novoneira e un conto de Ánxel Fole ambientado nas terras de Quiroga.

Igual ca tódolos anos, o teatro fixémoslo ó aire libre, achegándolle ó público historias de autores galegos que xa son clásicos da nosa literatura e, por suposto, dous autores que tan bos recordos nos traen por seren veciños, colaboradores nosos nalguna ocasión e, por qué non dicilo, porque son nosos.

Nesta ocasión tivemos tamén actores de diferentes lugares: Evaristo e Helena que viñeron dende Froxán, unha aldea do Courel; Margarita, a actriz máis nova, que é de Paderne do Courel; Concha da Casela; Brais e Lluís de Barcelona e o resto da tropa que somos de Bustofrío... e o gaiteiro, Iñaki, a medio camiño entre Santalla de Abaixo e Sarria.

Para este verán xa estamos xurdindo algunha cousa.

Xulio Pérez Pereiras

Restauración das nosas Igrexas Parroquiais

As parroquias de todo o municipio de Samos, desde o ano 1985, están a facer unha aposta forte para restaurar e conserva-las Igrexas Parroquiais. Estas xurdiron como resposta ás esixencias do culto. Foron, pois, creadas pola Igrexa e agora están sendo restauradas para dignifica-lo culto divino para o que foron creadas. Ademais preténdese manter viva a herdanza espiritual ligada a estas construcións e conservar algo que ás veces é a única mostra artística que hai nas nosas parroquias.

O Municipio de Samos configúranlo 24 parroquias cun censo total de 2.238 habitantes. Só dez parroquias superan os cen habitantes. Ningunha chega ós douscentos. As catorce restantes sitúanse entre os 33 habitantes de Romelle e os 90 de Estraxiz. Estes datos estatísticos, xunto co envellecemento da poboación, dannos unha idea do difícil e custoso que é para estas parroquias a conservación e mantemento deste patrimonio.

Nesta situación os datos que graficamente ofrecemos nestas páxinas fálannos do empeño e do gran esforzo que estas freguesías fixeron para conseguir restaura-los seus templos parroquiais.

Desde o ano 1985 ata este ano leváronse a cabo obras de restauración en 19 templos parroquiais. Ou o que é o mesmo o 79 % das Igrexas parroquiais de todo o Municipio. Nalgunhas foi unha reforma integral e total e noutras só os elementos máis deteriorados. Por esta razón nalgunhas faise necesario unha segunda fase de restauración.


O investimento total feito nestes templos ascende a **440.095 euros (uns 73 millóns e medio de pesetas)**, segundo consta nos Libros de Fábrica de cada parroquia.

De onde proceden os cartos?

1.- A primeira fonte de financiamento foron os propios fregueses das comunidades parroquiais, que aportaron un total de 151.472 euros (uns 25 millóns e medio de pesetas). Representa o 34'5 % da cantidade total. Hai que facer constar que esta cantidade é a suma de dous tipos de aportacións: por unha parte está a aportación económica propiamente dita que é de 69.706 euros (uns 11 millóns e medio de pesetas); e por outra está a man de obra de balde que os propios fregueses aportaron e que está valorada aproximadamente en 81.766 euros (uns 13 millóns e medio de pesetas).

2.- Nun segundo lugar está a Delegación Provincial da Consellería de Cultura que aceptou desde un primeiro momento o seu compromiso coa recuperación do patrimonio expresado na aportación de 124.555 euros (cerca duns 21 millóns de pesetas). Representa o 28'3 %.

3.- A Fundación Caixa Galicia estaría a continuación xa que a través dun Convenio co Bispado, auspiciado polos Duques de Lugo, aportou 64.000 euros (case 11 millóns de pesetas). Representa o 14'5 %.



4.- A Xunta de Galicia a través do Convenio Mixto de colaboración coa Igrexa en Galicia aportou 57.256 euros (9 millóns e medio de pesetas). Significa o 13 % da cantidade total.

5.- O Bispado dos fondos que ten propios, e que a súa vez recibe dos fieis, fixo unha aportación de 37.873 euros (case seis millóns e medio de pesetas). Supón o 8'6 %.

6.- A Deputación Provincial aportou o 0'66 % da cantidade total que veñen a ser 2.915 euros (485.000 pts).

7.- Por último está o propio Concello de Samos que fixo unha aportación total de 2.102 euros (350.000 pesetas). Representa ó 0'47 % da cantidade invertida.

Valoracións

Á parte doutras consideracións e valoracións que cada quen queira e teña a ben facer, aquí ocorrense nos as seguintes:

* É evidente o compromiso e a xenerosa e importante colaboración dos fregueses na recuperación e conservación do noso patrimonio.

* As Igrexas parroquiais son consideradas como algo noso, como herdanza sagrada dos nosos antepasados, como unha historia viva das primeiras comunidades dos nosos lugares.

* Na conservación deste patrimonio mostrámo-la nos sensibilidade e o noso interese pola arte e tamén polo que fixeron os nosos devanceiros.

* O noso empeño pola restauración está movido ademais polo convencemento de que son bens ó servizo de todos: da comunidade cristiá para os seus fins relixiosos e da sociedade en xeral á que a Igrexa intenta servir desde a función cultural dos mesmos monumentos.

* As Igrexas das nosas parroquias son en moitos casos a única referencia da identidade dos nosos pobos. Nelas recoñecemos agraecidos a riqueza da nosa historia. E sentimos unha gran satisfacción cando, despois de restauradas, son recoñecidas e admiradas pola xente de fóra da parroquia.



San Xulián de Teivilide

S Xulián de Teivilide, en Alendagua, é unha parroquia pequena, entre as vintecatro que forman o Concello de Samos. No seu tempo pertenceu ó Mosteiro de Samos, facía tamén as súas contribucións á catedral de Santiago e ata hai uns anos foi filial de Reiriz.

Forman a parroquia¹ dous barrios cun total de 54 habitantes, repartidos en trece casas. Hai 250 anos tamén había ese mesmo número de casas.

A media de idade é de 49-50 anos, sendo a súa distribución a seguinte:

- Menores de 20 anos: 8 persoas.
- Entre 20 e 40 “ 11 “
- Entre 40 e 60 “ 12 “
- Maiores de 60 “ 23 “

O patrono da parroquia, como o seu nome indica, é San Xulián; pero non se celebra esta festa, aínda que si se recorda cunha Misa o día 9 de xaneiro. Celébrase a festa das Dores o terceiro



domingo de setembro, e o luns a festa de Xesús Nazareno, precedidas estas dunha novena. Chama a atención polas súas dimensións a talla do Nazareno.

O templo parroquial, de principios do século pasado, está totalmente restaurado dende o ano 2001.

A orixe da denominación de “Teivilide” pode vir dun nome composto de “Theius Bellitus” (“Tío Belido”). “Tío” era un tratamento aldeán de respecto, inferior a “Don”. “Bellitus” seguramente se refire a algún dos propietarios que aparecen mencionados nos documentos do Mosteiro de Samos: “Bellido Iulianiz”, e outros “Bellido” e “Bellito”. Co paso do tempo estes nomes quedaron convertidos pola tradición popular en: “Teibillid”, “Teibillide”, “Teibilide”, “Teivilide”.

A Virxe das Dores

Esta maneira de referirse á Virxe vén de hai case mil anos e quérenos indica-lo sufrimento de María, ó mesmo tempo que vivía o privilexio de se-la nai de Deus. A mesma cruz, onde se crucificou ó seu Fillo, tamén se pode ver de dúas maneiras: como símbolo do triunfo de Cristo e como signo de sufrimento e humildade. Cando a xente se fixou neste último aspecto de dor na cruz foi cando tamén comezou a dirixirse a María como Virxe das Dores.



¹ Os datos sociolóxicos están tomados do Censo Parroquial do ano 2002.

Curso

de monitores de tempo libre

O 16 de febreiro de 2002 comezou, con 19 mozos/as en San Román de Lousada, o III Curso de Monitores, impartido pola Asociación de Tempo Libre e Animación Sociocultural **Don Bosco** de Santiago.

Este curso contaba cunha fase teórico-práctica e unha fase de prácticas. A primeira, que correspondeu máis propiamente ó curso, durou 200 horas, distribuídas en 20 xornadas de fin de semana de 10 horas cada unha. A fase de prácticas tivo dúas modalidades de realización:

- 14 días de actividade intensiva ó aire libre, en bloques non inferiores a 3 días.

- 150 horas en actividades nunha entidade que traballe no eido da educación no tempo libre.

Ó inicio case non nos coñecíamos; algúns de vista, outros non nos viramos nunca... pero houbo total harmonía. A medida que transcorrían os días, desexabamos que chegase a fin de semana, non só para cumprir co temario do curso, senón para reunirmos todos e libera-las tensións de toda a semana.

O temario foi moi diverso. Aprendemos desde unhas nocións mínimas de primeiros auxilios ata lexislación de asociacións, pasando por cuestións de socioloxía, psicoloxía, educación ambiental, traballos manuais, xogos, educación para a saúde, técnicas de acampada, expresión musical, medios de comunicación social, animacións deportivas e cancións.

A parte práctica está en desenvolvemento. Empezamos coa preparación da festa de convivencia cos nosos maiores. Actuamos como pregoeiros, anunciando a festa polo concello de Samos, entregando as invitacións xunto cun recordo elaborado no taller da escultora sarriana Violeta Bernardo. Esta ensinounos a difícil elaboración de cada peza e aprendeunos, dunha forma desinteresada e paciente, a moldealo barro. Realizamos pezas no taller de coiro e no de vimbio.

A xuntanza serviunos para tomar unha maior conciencia e sensibilizarnos dun xeito especial coas relixiosas e os maiores que elas coidan na casa de acollida, posto que compartimos tamén moitas horas con eles. Agudizamos valores que pouco a pouco iamos esquecendo, como por exemplo: a comunicación, o saber escoitar en momentos precisos, o ser máis tolerantes uns cos outros, etc. Recordamos gratamente a cálida e xenerosa acollida de toda a comunidade do Noso Lar.

A pesar de que xa case hai un ano que rematou o curso, seguimos véndonos, xuntándonos e colaborando nas actividades da Fundación O Noso Lar. Isto permítenos recoñecer que, no fondo, o máis importante non foi tanto o curso en si, como os lazos de amizade creados.

M^a Luisa Rodríguez, Anabel Vázquez, Julia M^a Fernández, Sandra Ponton Mondelo.





en

resumen

Os Preparativos dunha gran festa

Todos sabemos, por experiencia, que para ter un día de festa, nunha parroquia, pobo ou aldea, son moitos os esforzos e traballos que hai que facer para que ese día de festa sexa posible.

Aumentan os traballos e preparativos canto mais grande é a festa, cantas mais persoas acoden a ela. Por iso convén, empezar a preparala con suficiente tempo de antelación. Así o facemos coa **Festa de Convivencia cos nosos Maiores**.

O primeiro de todo é idear o detalle que cada ano se entrega a tódalas familias. Facer unha cousa sinxela, pero simbólica, para que quede como recordo nas nosas casas. Comeza así a distribución dos medios humanos para facer os preto de oitocentos recordos da festa. Durante a segunda quincena do mes de xullo, un grupo de seis a dez persoas ían para o taller de cerámica de Violeta, en Sarria, para prepara-los agasallos. !Todo un traballo de artesanía!

Xa empaquetados, un grupo de mozos e mozas que fixeron o curso de monitores de tempo libre este ano, comezaron a percorre-las aldeas do Concello de Samos, para facer chegar a cada fogar a invitación para a festa e o recordo da mesma, e ó mesmo tempo aproveitar para visitar e saudar a cada familia.

Mentres, en Lousada, tivemos dous talleres de coiro e un de cestería para aprender a traballar con estes materiais. Os obxectos que se fixeron expuxéronse na festa, para que quen quixera poidera mercalos.

Decidiuse darlle un ambiente medieval á festa, para o que era necesario prepara-la decoración e os bailes típicos daquela época.

Por iso un grupo de preto de cen mozos e mozas xuntáronse en Sarria, durante a primeira quincena de agosto, para ensaiar os bailes que despois darían vida a aquel pregón da festa que era a historia de dous pobos que vivindo separa-



dos descubren que colaborando é posible a unión e a festa xuntos.

Para o baile eran necesarios uns traxes típicos da época e un decorado propios. Con apuros e imprevistos, fomos facendo traxes e decorados, uns mellores ca outros.

E xa o día anterior á festa sae de mañanciña cara a Santalla de Louzara a caravana de camións, furgonetas e coches, con todo o material necesario para a festa. Chegados ó fermoso souto os cincuenta que iamos, distribuímonos en grupos e comezamos a traballar: Uns a poñer mesas e bancos; outros prepara-lo sitio da cociña, do bar, da tenda, o equipo de megafonía; outros ambientar a estilo medieval o souto... Xa pola tarde, nun autocar suben dende Samos a Santalla os mozos e mozas que ían colaborar na festa. Aquí distribúense os grupos, as mesas e zonas das que cada un ía responsabilizarse para que estivese todo organizado.

Todo un traballo para que os maiores poidan disfrutar dun día de festa ó ano que teñen ben merecido.

Manolo Otero





Canción elaborada para a XII Festa Popular Campestres de Convivencia cos nosos maiores

É posible crear un mundo máis xusto,
é posible construír a cidade do amor,
se estades connosco máis pronto o faremos,
xuntos todo é mellor.

TI NON PODES TI SÓ
COLABORA...É POSIBLE
COAS TÚAS MANS, NOSAS MANS...
...¡PODERÁN!

É posible facer medrar o pequeno,
é posible crear vida onde haxa un irmán,
e se ti estás connosco haberá máis semente,
xuntos todo é mellor.

TI NON PODES TI SÓ
COLABORA...É POSIBLE
COAS TÚAS MANS, NOSAS MANS...
...¡CRECERÁN!

É posible atopar camiños de encontro,
é posible mirar cara adiante con fe,
e se ti estás connosco o horizonte é máis claro,
xuntos todo é mellor.

TI NON PODES TI SÓ
COLABORA...É POSIBLE
COAS TÚAS MANS, NOSAS MANS...
...¡CHEGARÁN!

É posible querer os nosos maiores,
é posible aprender da súa suor,
que se o xoven é aquel que ten fame de vida,
nosos vellos o son...

TI NON PODES TI SÓ
COLABORA...É POSIBLE
COAS TÚAS MANS, NOSAS MANS...
...¡TRIUNFARÁN!





en

resumen

Crónica

dun sentimento

Un ano máis, e xa van uns cantos, a Fundación **O Noso Lar**, a nosa fundación, voltou a reunir unha multitude de persoas e persoeiros en torno á mesa de convivencia. Esta vez nunha paraxe inigualable da Galicia profunda, na nosa benquerida Lóuzara. Isto dábanos pé a que a xornada que iamos acometer fose perfecta. Moi cedo tódolos traballadores, monitores, colaboradores e voluntarios da Fundación dirixíronse a esa paraxe: a luz, o día... invitaban a un recollemento preciso e precioso. A xornada prometía moito; todo un continxente de almas novas estaban xa dispostas a recibir e homenaxear a unha morea de xente que viña de tódolos puntos do noso Concello de Samos.

Recepción, misa, discursos, xantar... máis ou menos como tódolos anos, pero este feito de maneira distinta, cunha apreciación novidosa: todo baixo un ambiente medieval. A carballeira quedou convertida nun patio, dun castelo medieval, axudado por suposto polos vestidos inspirados nas clases populares da época.

O que tiñamos claro é que as xentes que ían participar naquela festa tiñan que presenciar algo distinto, e ó mesmo tempo conservar esa exquisitez do momento. A innovación comezaba polo propio pregón, no que se fixo ver unha historia de sentimento, un sentimento de encontro entre dúas xeracións, que reflectía moi ben todo o que iamos vivir no lugar. Con todo iso pretendiamos, e cremos que o conseguimos, facer ver que coa cola-



boración de todos nós podemos levar a cabo moitas cousas, que todo é posible. Así tamén conservamos ese sentimento de solidariedade que tanto ten que arraigar en todos nós. O resultado é o máis compracente de todos os que se poden dar hoxe en día: un sorriso na faciana de tódalas xentes que estabamos alí, novos e vellos, e sobre todo esa complicidade entre todos eles.

Nos tempos que corren, moitos aínda contiñúan preguntándose por qué un gran número de xentes novas adican o seu tempo libre a darse ós demais, en troques de nada. E voltamos ó de sempre: na crenza persoal de que en nós exista ese sentimento especial que nos move a ser solidarios cos demais. Non debe ser en datas puntuais, cando por exemplo, a mercadotecnia das grandes organizacións non gubernamentais nos tocan a fibra sensible e fan que nos sintamos ben simplemente por mercar unha tarxeta de tal ou cal organización. Non cansaremos en insistir que o sentimento é anual (de todo o ano) e vital á vez, e que hoxe en día é moito de agradecer que a nosa terra se mova en beneficio non só de xentes maiores senón tamén de todos nós.

Por suposto, non queremos pechar estas liñas sen agradecer o traballo que hai detrás: dende a organización mesma ata a gran aportación de tódolos monitores, voluntarios e colaboradores que fan posible que un ano máis cheguemos a máis xente; en definitiva, que cheguemos a facer comprender un sentimento: o sentimento.

Campamento de Cangas

Do 15 ó 24 de xullo, tivo lugar o campamento que ano tras ano vén realizando a Fundación **O Noso Lar** xunto coa Asociación **Mundaveiga**.

Participaron no mesmo un total de 42 persoas: 32 rapaces/as do concello de Samos, catro monitores titulados e tres en prácticas, unha enfermeira, unha cociñeira e a Directora de actividades de tempo Libre.

O lugar elixido, Cangas do Morrazo, reúne tódalas condicións requiridas para un campamento destas características. A praia, as marchas, as rastrexaduras, xogos, etc. axudaron a cultivalo respecto pola natureza como fonte inesgotable de vida e de recursos (hoxe lamentámo-lo desastre ecolóxico das nosas costas tan manchadas polo “chapapote”).

Tamén se realizaron diversos obradoiros, tales como: Encadernación, coiro, monecos de lá, cabullería, pulseiras, pintado de camisetas...

Creouse un clima de convivencia e participación que estimulaba e axudaba a desenvolver as habilidades e a creatividade de cada un, logrando que todos se sintan protagonistas.

Destacamos como días significativos do Campamento os “días das familias”, nos que se intenta a integración dos pais na dinámica do campamento. Son días de convivencia, de encontro e de festa. Compartímo-la comida e gozamos xuntos deste ambiente familiar, que consideramos moi positivo.



Saladina



Como todos sabedes, A Fundación e a Asociación **Mundaveiga** é a responsable dunha serie de actividades variadas que se veñen realizando xa dende hai moito tempo.

Pois ben, unha destas actividades que se desenvolve gracias á Fundación é o campamento.

Eu fun por primeira vez a un campamento hai dez anos, e asegúrovos que o seu recordo segue presente no meu corazón. Daquela tiña once anos, pero non me esquecín de frases que os meus monitores (xunto con Miguel, Xulio, Asunción, Adela, Saladina) me inculcaron para que lembrase sempre: “É de ben nados ser agradecidos”; “a liberdade dunha persoa remata onde empezan os dereitos da outra persoa”; “as cousas dos demais débemolas respectar tanto ou máis ca se fosen nosas”.

Hai xa dez anos, pero o tempo non borrou as experiencias vividas e aprendidas (que foron moitas); polo tanto creo que se demostra a importancia que pode ter para un rapaz este tipo de actividades de cara á súa formación e maduración como persoa. No campamento trátase de fomentar a igualdade entre tódolos rapaces, o respecto mutuo, a convivencia, o traballo, a colaboración nas tarefas diarias, a amizade, a solidariedade. E, sobre todo, búscase que todos e cada un dos rapaces se sinta útil, e forme parte dese soño, desa idea, desa actividade tan marabillosa que é o campamento.

Así que xa sabedes: se o ano pasado non vos decidistes, este non o pensades máis. Hai un grupo de persoas formadas e con ganas de traballar que intentan facer posibles tódolos vosos soños, para que aprendades mentres vos divertides.

E, para concluír, remato cos agradecementos: grazas, no nome dos pequenos e dos pais que participan no campamento, á Fundación **“O Noso Lar”** e á Asociación Xuvenil **“Mundaveiga”**, por brindárno-la posibilidade desta e doutras actividades que fan das nosas parroquias lugares cheos de esperanza e de vida; e grazas tamén a esas persoas que constrúen un mundo máis humano co seu traballo, co seu esforzo, coa súa esperanza.

Carlos Sampedro



en resumen

Vacacións-convivencia en Francia

Un ano máis, a Fundación “O Noso Lar” organizou unha viaxe para mozos/as maiores de idade a outro país, co gallo de coñecer-las súas xentes, distintas cidades e pobos importantes pola súa historia, cultura, arte, turismo,... O noso destino foi Francia.

A saída de Sarria foi o día 30 de xullo á noite e voltamos o día 9 de agosto pola noite.

AS NOSAS ANDANZAS

Bordeaux: Gran Teatro, Catedral de St-André, Basílica de St-Michel, Esplanade de Quinconces, Plaza de la Bourse, Rue Sainte Catherine.

Arcachon: Duna du Pilat e Praia de Pereire.

Poitiers: Notre-Dame-la-Grande, Catedral St-Pierre.

Tours: percorrido no autocar.

París, co seu río “O Sena” considerado punto de referencia da cidade. O noso percorrido comezou na Place de la Bastille, Pont Neuf, Notre-Dame, Sainte-Chapelle, La Conciergerie, St-Germain-des-Prés, Rue Rennes, Place 18 de Jun de 1.940, Tour Montparnasse, Avenida de L’Observatoire, Jardin de Luxembourg, Boulevard St-Michel, La Sorbonne, Pantheon, St-Étienne-du-Mont, Pont de l’Archevêché, La Torre Eiffel, Pont d’Iéne, Pont de l’Alma, Les Invalides, Pont de Alexandre III, Campos Elíseos, Arco de Triunfo, Place de la Concorde, Jardin des Tuileries, Museo del Louvre (A Gioconda de L. da Vinci), St-Eustache, Centro Pompidou, Hôtel de Ville, Ópera de París Garnier, Place de la République, Montmartre, Sagrado Corazón, Versailles (castelo e xardíns).

Non se podía deixar París sen facer unha travesía polo Sena, nas Vedettes du Pont-Neuf.

Rouen: Catedral de Notre-Dame, Place de Vieux-Marché, Palacio de Xustiza, Place des Carmes, Abadía de Saint-Ouen.

Caen: Abadía aux Hommes, Abadía aux Dames e as súas rúas.

Mont-Saint-Michel, “Maravilla de Occidente”, pola orixinalidade do sitio e a beleza da súa arquitectura.


La chapelle: Basílica da Nosa Señora de Montligeon.

Le Mans: Catedral de St. Julien.

Nantes: exterior do Castelo dos Duques de Bretagne, Catedral de St-Pierre.

Bayonne, Percorrido polas súas rúas.

Na nosa andaina o que se pretendía era: camiñar moito, durmir pouco, pasalo ben..., por suposto que todo se levou a cabo. O que non se puido andar, por esgotamento, Gonzalo encargábase de levarnos no autocar, facendo paseos nocturnos polos distintos barrios parisinos.



Durmíase pouco, ás noites non había présa por deitarse, ás mañás había que madrugar e, para máis, a nosa mascota no momento que pasa as fronteiras desconcértase e non espera o día para cantar. Aínda que nos choveu case tódolos días, pasámolo moi ben e isto foi posible coa axuda de todos, xa que no grupo había moitos talentos: artistas, paparachis, tradutores, terraceiros, etc.


Nesta viaxe de irmandade asistimos á celebración da Eucaristía en Saint-Germain –des-Prés (en castelán) e tamén no Santuario da Nosa Señora de Montligeon (en francés e castelán). Tanto nas celebracións como nas nosas oracións comunitarias pedímoslle a Noso Señor que nos protexera a nós, ós nosos familiares e amigos e démoslle grazas por esta viaxe.

Ó final da viaxe, xa na nosa terra (moi semellante a nosa paizaxe á de Normandía e á Bretaña francesa), fixemos unha pequena reflexión sobre estes días de convivencia. Salientamos a amizade xurdida entre os membros do grupo a pesar das diferentes idades, o desexo de poder colaborar para levar a cabo estas viaxes, o agradecemento polo que cada un aportou ó longo da viaxe. A D. Miguel as grazas como bo pastor e para o ano que vén... ¿Que facer?

Amparo Páramo



Viaxe a Helmántica



Voulles relata-la nosa viaxe a Salamanca, aínda que non sei se darei expresado nesta páxina todo o que alí vin e me deixou abraiado. Nesta viaxe tivemos vivencias de moitos tipos e gustos. Tódolos integrantes desta excursión viron satisfeitas as súas expectativas; pola miña parte só lle poño un pero: nunha fin de semana non se pode coñecer unha cidade, e menos Salamanca, a Cidade da Cultura 2002.

De entrada, aínda que nós tivemos moi bo tempo, esta cidade é algo fría e ata pode chegar a ter un aspecto sobrio, debido á solemnidade da súa arquitectura; pero desde que un pasa as primeiras horas perdido nas súas rúas, empeza a percibir o murmurio da xente e as voces da historia que encerran as pedras.

A nosa viaxe comezou moi cedo, as 06:30 do sábado 12 de outubro saímos de Samos en dirección a Salamanca. Sobre as 10:30 da mañá chegamos. Alí esperábanos un amigo salmantino para acompañarnos no percorrido pola cidade. Empezamos pola Ponte Romana, logo a rúa Tentenecio, Catedral Nova, Praza de Anaya, Universidade civil e Pontificia, Casa das Conchas, Igrexa de San Bieito, Convento das MM. Agustinas, etc. Como a ocasión e o tempo o permitían, comemos ó aire libre, nos xardíns da Facultade de Matemáticas.

Pola tarde, desde que repousamos no albergue, retomamos a nosa visita á Catedral Vella. Por certo, debemos agradecer ós nosos antepasados que non a derrubasen cando fixeron

a nova, un feito desde logo moi insólito. Despois fomos coñece-la Praza Maior e as súas famosas terrazas, con xente de tódalas nacionalidades e razas. Nese ambiente, un séntese igual ós demais e penso que non hai prexuízos.

Trala cea visitámo-la Salamanca de noite, que complementa perfectamente a visita diurna.

Ó día seguinte, ás once da mañá, deixámo-lo albergue. Era moi cedo, pero, como había que aproveita-lo tempo, demos outro paseo pola cidade e sacamos fotos.

Despois de comer retornamos á nosa terra, parando antes en Zamora. Sorprendeunos o seu casco antigo, declarado **Conxunto Histórico-Artístico**. As súas murallas e portas, o castelo, as igrexas románicas (unhas vinte), os pazos renacentistas, as súas estreitas e empedradas rúas presididas pola cúpula da Catedral confénlle un sobrecolledor ambiente medieval.

A chegada a Samos foi a iso das 23:00 horas. No noso parte de incidencias habería que salientar as afonías, o cansancio e o desexo de volver outra vez con máis calma. Salamanca é unha cidade que invita ó paseo, que estimula a conversa sosegada e que permite disfrutar ó forasteiro dos seus valiosos tesouros artísticos.

Miguel Sampedro



A hora da matanza do porco

Agora que aínda estamos no momento da matanza do porco, convén facer algúns comentarios acerca de aspectos de tipo regulamentario así como hixiénico, que deberemos ter en conta á hora da matanza destes animais.

Convén empezar por falar en primeiro lugar dun aspecto de tipo regulamentario, que vai ir cambiando o xeito en que se fai a matanza. Existe dende hai xa uns cantos anos unha normativa (o Real Decreto 54/1995) que establece cuestións de benestar dos animais no momento do seu sacrificio e que, de xeito moi resumido, no que agora nos interesa, inclúe a obrigación de atordemento dos animais antes de realizar o desangrado dos mesmos, é dicir, que perdan a consciencia antes do desangrado. De calquera xeito, esta normativa non estaba a ser tida en conta por parte da administración, nas matanzas para auto-consumo, segundo denunciou xa hai tempo a **Asociación Nacional para la Protección y el Bienestar de los Animales (ANPBA)**, é

dicir, no caso das matanzas domiciliarias tradicionais que son feitas nas aldeas do noso país. Esta asociación conseguiu da Xunta de Galicia que se puxeran en marcha unha serie de medidas, que inclúen actuacións de control, medidas de sensibilización entre a poboación e tamén están en estudo adoptar unha serie de medidas de tipo normativo adicional. Dentro das medidas de sensibilización da poboación, inclúese a dotación de medios materiais por parte da administra-

ción, en colaboración cos concellos, ou sexa, que se poñerá á disposición dos particulares aparatos para o atordemento dos animais antes do sacrificio, e deste xeito cumprir coa normativa. Dado que as actuacións de control poden aumentar, se non queremos correr o eventual risco dalgunha sanción, deberémonos de afacer a atorda-los cochos antes de sangralos.

Aínda que existen varios xeitos de atordar ós porcos, o sistema que se debe de elixir é o de choque eléctrico por non estraga-la cabeza do cocho, se ben tamén pode traer algúns problemas no caso de que non se aplique de xeito correcto. Para coñecer o bo emprego destes aparatos deberémonos de informar nos Servizos Veterinarios da nosa zona.

Se ben pode parecer que se perde algo de tradición, é certo que temos que ir adaptándonos ó cambio dos tempos, e tamén teño que sinalar que o emprego dos métodos de atordamento dos porcos ten vantaxes desde o punto de vista do traballo pois precísanse

menos homes para suxeitar ó animal e desangralo, o cal sempre vén ben, xa que non hai tanta xente como antes para face-la mata.

Pasando xa a outros aspectos hixiénicos, quizais deberíamos sinalar que hai que limpar algo a pel dos porcos, sobre todo no caso de que sacrifiquemos mais de un. Deste xeito mancharíamos menos a auga do escaldado na que os metemos para facer logo o pelado dos mesmos.



Se ben o coiro dos animais sempre está sucio e non podemos facer moito por cambiar iso, tamén sería bo evitar que lles entrase auga pola boca ou pola ferida pola que foron desangrados os cochos, xa que a auga sucia pode contamina-lo interior do cocho. Para isto podemos taponar esta ferida do desangrado e a boca, ou evitar que lles entre auga do escaldado dalgún xeito. A auga debería de estar o máis quente posible, desde o punto de vista hixiénico sería bo que pasara de 60 graos, aínda que se está moi quente podémonos queimar. Outra cousa que nunca debemos esquecer tampouco é flamexar con lume o coiro, para o cal sería bo dispoñer de sopletes. Esta sempre é unha boa práctica hixiénica.

Un aspecto a ter en conta é a pregunta de por qué nalgúns culturas o porco non era un animal ben visto, e era considerado impuro. A resposta correspóndese co feito de que existen determinadas enfermidades, de tipo parasitario principalmente, que se poden transmitir ás persoas por consumir carne de porco que estea infestada. É importante sinalar que cando dicimos infestada non quere dicir exactamente o mesmo que o animal estea enfermo, pois o caso é que moitos destes procesos non producen signos de enfermidade no animal vivo, é dicir, non notaremos nada no animal antes de face-lo sacrificio. Este feito teremos que telo en conta, pois a aparencia do animal cando o estamos cebando non vai facernos sospeitar de nada. Por sorte, posiblemente salvo no caso da triquinelose, as outras parasitacións ás que farei referencia son relativamente fáciles de detectar no porco tralo sacrificio.

O primeiro que debemos lembrar é leva-la lingua dos cochos ós servizos de sanidade veterinaria. Esta sempre foi unha práctica que se realizou e que se empeza a esquecer algunhas veces. O motivo de leva-la lingua é para a determinación da parasitación do cocho. Trácese dun-



has larvas moi pequenas, e que polo tanto non poden ser vistas a simple vista, que se encontran na carne e poden facernos enfermarmos se as comemos.

Tamén podemos sinalar que poden chegar a aparecer unhas vesículas na carne de un ou dous centímetros, e polo tanto fáciles de ver. Sobre todo aparecerían tamén na lingua, polo que no caso de levarlla ó veterinario este tamén o detectaría. Estas vesículas, chamadas cisticercos poden transmitirnos unha parasitación ás persoas. Por sorte, tanto neste caso como no caso da triquinelose, non se trata de parasitacións frecuentes na nosa terra, pero nunca debemos esquecer que non se pode baixa-la garda, sobre todo no caso da triquinelose, xa que este parasito é difícil de erradicar por transmitirse ós porcos a través dos ratos ou outros pequenos animais do campo. Polo tanto debemos evitar durante a ceba que os porcos poidan ter acceso a estes animais.

Xa pasando a falar un pouco doutros procesos que son máis frecuentes, hai que sinalar que tamén podemos encontrar vesículas cheas de líquido colgando nas vísceras ou no fígado. Se non están na carne e só se encontran nas vísceras, en principio podemos consumi-la carne sen problemas, trala eliminación do fígado ou as partes afectadas.

Quizais unha cousa que podemos encontrar con máis frecuencia é que o fígado estea cheo de pequenas manchiñas brancas por toda a súa superficie, tampouco neste caso quere dicir que non poidamos come-la carne do cocho, pero eso si trala eliminación do fígado.

Tamén debemos lembrar que nunca lle debemos dar ós cans nin a outros animais ningunha outra víscera nin carne afectada dos tipos que acabamos de sinalar.

Carlos Franco Abuín

O bo aproveitamento dos prados

En Galicia os prados son unha das principais fontes de alimentación do noso gando. Gracias ó clima que temos, que en ocasións tanto criticamos, mantéñense verdes os prados en case calquera época do ano; así podemos aproveitálos intensivamente (pastoreo, ensilado, herba seca). Segundo sexa a calidade da herba así será a cantidade e calidade do leite e o peso e calidade das canais dos becerros. E se por algo é coñecida a paisaxe galega, é polos seus verdes prados.

Por todo isto, e para mellora-la calidade dos nosos prados, velaí uns consellos útiles:

1 - Cultivos previos

Será moi interesante sementar antes do prado un cultivo previo, como pode se-las patacas, o millo ou a remolacha. Así conséguese que o solo forme estrutura (que se faga), que afoguen as posibles malas herbas e que os seus restoballos proporcionen materia orgánica (nutrientes) a ese solo.

2 - Labores preparatorios

Antes de sementa-lo prado labrarémo-la terra moi ben, ata que quede o máis solta posible. Ó ser tan pequenas as sementes da herba deberán te-lo maior contacto posible coas partículas do solo, para que xermolen do mellor xeito.

Labores importantes son o de arado de vertedeira, o de cultivador ou agrade, o de grada de discos.

3 - Épocas para sementa-lo prado.

Recoméndase sementa-los prados en primavera e outono. Nesta última estación sobre todo en zonas secas. A mediados de outono as temperaturas aínda son suaves e os solos teñen suficiente humidade. Todo isto crea un bo ambiente para o xermolo das sementes. Un problema serían as xeadas.

Na primavera o perigo é a seca, impedindo que agromen as sementes ou morran as plantas nacidas.

4 - Misturas de variedades pratenses

Cando nos decidimos a sementar un prado é moi importante escoller ben a semente. Hoxe en día o que se fai é misturar distintas variedades de semente, para obter prados que combinen pastoreo con cortes para ensilado e herba seca. As seguintes misturas estudáronas o Ministerio de Agricultura e centros de investigación:

F1 Raigrás italiano (10Kgr/ha) + Trevo violeta (10Kgr/ha)

F2 Raigrás italiano (4Kgr/ha) + Dactilo (10Kgr/ha) + Trevo violeta (10Kgr/ha) + Trevo branco ladino (2Kgr/ha)

F4 Raigrás inglés (10Kgr/ha) + Dactilo (10Kgr/ha) + Trevo branco común (2Kgr/ha) + Trevo branco ladino (1Kgr/ha)

F6 Raigrás inglés (20Kgr/ha) + Trevo branco común (2Kgr/ha) + Trevo branco ladino (1Kgr/ha)

P1 Raigrás italiano (4Kgr/ha) + Raigrás inglés (8Kgr/ha) + Dactilo (10Kgr/ha) + Trevo branco ladino (2Kgr/ha) + Trevo violeta (6Kgr/ha)

P3 Raigrás italiano (2Kgr/ha) + Raigrás inglés (6Kgr/ha) + Dactilo (8Kgr/ha) + Trevo branco común (3Kgr/ha) + Trevo branco ladino (2Kgr/ha)

P4 Raigrás italiano (6Kgr/ha) + Raigrás inglés (6Kgr/ha) + Trevo branco común (5Kgr/ha)

5 - Final

Unha vez sementado o prado é moi interesante dar un pase de rulo.

Óscar López González





O coidado dos pés

Os pés son unha parte do noso corpo á que xeralmente non se lles dá o coidado e a importancia que merecen, a pesar de se-los nosos piares. Esta falta de coidado vai aumentando a medida que avanzamos en idade xa que nos atopamos cunha serie de limitacións físicas que nos fan ser máis dependentes dos demais e dificultan o noso aseo persoal.

¿Como debemos corta-las uñas? O corte da uña debe facerse recto ou lixeiramente curvo, pero non recortar os laterais ou recantos para evita-las uñas incarnadas. Cómpre realizar o corte cada 20 ou 30 días como máximo. Cando chega a ocorre-la incarnación da uña hai que extirpa-lo trozo de uña cravado mediante unha intervención de cirurxía menor.

Cando se produce un aumento no grosor da uña é aconsellable un fresado suave para debilitala; este labor corresponde ó profesional que se encarga do coidado dos pés: o podólogo.

As uñas dos pés tamén enferman, sobre todo infectándose por fungos. A enfermidade da uña iníciase desde o exterior, faise cada vez máis grosa e vai perdendo a súa coloración normal, facéndose opaca e dunha cor marela. A uña adquire un aspecto como de po ou negra, podendo quedar destruída totalmente. A primeira medida que se debe tomar é fresar e corta-la uña adelgazándoa á súa mínima expresión para que poida penetrar máis doadamente a substancia que usaremos para o tratamento do fungo. Estas infeccións repiten con moita facilidade e son moi rebeldes ó tratamento, polo que ante calquera alteración da uña debemos consultar co noso médico.



A hixiene do pé é moi importante. Débese lavar cada día e, o que é máis importante, secar ben os espacios entre as dedas coa toalla. Procurar non engadir pos de ningunha clase porque son caldo de cultivo para infeccións, sobre todo por fungos, cando teñen unha composición de amidón. En caso de escoriacións ou rozaduras entre as dedas, o mellor é solución de iodo (Betadine).

A alteración da pel, máis frecuente nos maiores, é debida á sequidade da pel e á formación de gretas que poden infectarse. A aplicación de cremas con urea, a pequenas doses, son as máis axeitadas por reduci-las durezas e hidrata-la pel.

O calzado debe ser de pel suave, a empeña lisa, sen costuras e co piso non moi groso. Para as deformacións que se van producindo na dedas aconséllase que o calzado sexa, na súa porción anterior de punta redondeada e ampla capacidade, para evita-la rozadura das dedas, que coa idade tende a deformarse en garra ou a presentar xoanetes.

Nas persoas maiores e con máis frecuencia en diabéticos e con problemas de circulación é frecuente a aparición de úlceras nos pés. Xeralmente prodúcese na zona que soporta máis sobrecarga vertical, no calcaño ou na zona externa do antepé.

Son moitas as causas da dor nos pés, e son parte importante do noso corpo. Cando se ven afectados, impídenos camiñar e déixannos inmobilizados. Por iso é tan importante o seu coidado e non esquecernos deses grandes oprimidos que son os nosos pés, cos que daremos pasos firmes na nosa vida.

Conchita Rodríguez Fernández



en resumen

Días de convivencia en Samos

¡Ola a todos!

Aínda que algúns xa me coñecedes, comezarei presentándome ou lembrándovos o meu nome. Son Jesús Girón, un seminarista valenciano, con raíces galegas por parte do meu pai.

Precisamente por parte do meu pai e a súa familia vénme o gran cariño que lle teño a Galicia. Tódolos veráns volvemos alá para xuntarnos coa familia. Hai anos fixen o Camiño de Santiago e ademais tiven a “sorte” de face-lo servizo militar no Ferrol. Todo son bos recordos de persoas, lugares e experiencias que no fondo, dalgunha maneira, me axudaron a sentir un pouquiño galego.

O pasado verán xurdiu a posibilidade de realizar algo que levaba tempo con ganas de facer: coñecer un pouco máis de cerca o mundo rural, algo totalmente distinto ó que estou vivindo en Valencia. E debo recoñecer que foi un verdadeiro regalo de Deus.

¡Dezasete parroquias, coas súas respectivas aldeas cada unha, dispersas polo val e a montaña! Cando Miguel Gómez me contaba isto o día da miña chegada, lembraba eu algúns curas valencianos abrumados por levar catro ou cinco localidades que, ademais, están ben comunicadas. O certo é que non saía do meu asombro.

Descubrín un hábitat disperso, unha poboación bastante envellecida, adicada á agricultura e á gandería, dificultades económicas, unha paisaxe preciosa, ás veces soidade e enfermidade, outras veces alegría e ilusión e un desexo de non resignarse a deixar morre-lo campo. E no medio de todo iso, unha misión impresionante. Era a chamada de Deus a seguir anunciando a boa noticia do seu Amor a uns homes e mulleres cuns rostros moi concretos. E esa chamada facíase presente en Miguel, en Manolo, en Ramón, en Julio, nas irmás misioneiras de Lousada e na



xente sinxela que tiven a sorte de poder coñecer.

Para min supuxo unha maneira nova de facer presente a Deus no medio daquelas persoas, compartindo as súas alegrías, as súas tristezas, as súas preocupacións, as súas ilusións, desde as pequenas cousas de cada día.

Vivo unha realidade onde parece que o importante é facer, facer e facer. E sempre cun ritmo frenético que moitas veces non me deixa “perder tempo” con aquelas persoas coas que me atopo, porque todo está tan estruturado e cronometrado que hai que segui-las pautas marcadas polo horario. E non digo que sexa malo programa-las cousas e ter unha orde; ó contrario, pero ás veces volvémonos escravos dos instrumentos, esquecendo que a fin son sempre as persoas e que unha soa vale máis que calquera programa e horario, por moi coherente e perfecto que este sexa.

En Lousada aprendín, non tanto a facer senón a estar. Tiven ocasión de compartirla presenza cercana da xente sinxela, axudar á misa nas distintas capelas dos arredores, visitar enfermos, conversar, muxir vacas, pasear, ler e rezar. ¿E como esquece-las horas botadas no taller de Violeta de Sarria, preparando os detalles da festa dos maiores? Tamén lembro con moito cariño o poder ir repartindo por tódalas casas as invita-

cións para a festa, os detalles e a revista con Manolo e con Ramón.

Creo que isto foi unha das cousas que máis me gustou porque tiveron ocasión de coñecer á xente, de falar, de compartir. Non é o mesmo face-lo Camiño de Santiago e pasar polas aldeas saudando ós paisanos, que entrar nas súas casas e falar máis persoalmente. Creo que se nos parasemos en tódalas casas nas que nos convidaban a tomar, polo menos unha cervexa, acabariamos completamente bébedos...

Tamén me gustou, como o que máis, a festa dos maiores. Se impresionantes foron os preparativos, máis impresionante aínda foi o encontro no soto de Lóuzara, onde tivemos ocasión de compartir maiores e mozos un día de convivencia precioso, cheo de alegría, de música, de comida, de bailes e, sobre todo, moi repleto de Deus.

Gustoume moito a capacidade de traballo e de entrega de tantas persoas que unían as súas forzas para un proxecto común que realmente pagaba a pena. "Colabora..é posible" dicía o lema. Pois ben, creo que a xente colaborou para que a festa fose un éxito en tódolos sentidos. Agora hai que pedir que cada un siga colaborando, de maneira que o noso compromiso non sexa algo illado senón algo constante. Quizais xa

non en cousas chamativas e vistosas, como aquela festa, pero si no cotián, no pequeno, no que non se ve, pero non por iso con menos valor. Ánimo, vale a pena.

Desde aquí gustaríame da-las gracias a Miguel, que me acolleu na súa casa e porque a súa presenza foi para min un testemuño importante de entrega e fidelidade. Graciñas a Manolo pola súa cercanía e a súa amizade. E gracias tamén ás irmás misioneras de Lousada, pola vosa alegría e a vosa acollida, por ser durante esas semanas como a miña nai. Gracias a Ramón por levarme do val ó cume no teu Mercedes 205, e a Julio por tanto traballo.

Por último, gracias a todas e cada unha das persoas que atopei no meu camiño. Son moitas, pero sempre lembrarei, non os nomes, porque son moi despistado, pero si os rostros concretos, que dalgunha maneira me axudaron a descubrir con máis claridade o rostro concreto de Deus.

A todos, moitas gracias, unha aperta moi forte e a ver se no verán podemos volver a encontrarnos.

Jesús Girón





en resumen

¡Graciñas!

Dixéronme se podía escribir e comunicar algo da miña experiencia en San Román de Lousada, na Fundación **O Noso Lar**. Aceptei encantada inmediatamente, pero ó intentar transmitir todo o vivido ó longo de 9 anos, fáltanme moitas palabras.

O primeiro que teño que dicir é graciñas.

Gracias a tódolos que fixeron posible que unha comunidade de relixiosas franciscanas puidese estar presente no mundo rural. (É máis habitual estar na cidade).

Graciñas a M. Angélica (a nosa superiora provincial naquel momento), por preocuparse polo mundo rural da nosa terra. Levou adiante este proxecto con interese e ilusión.

Graciñas a Saladina e a Inés, as primeiras que, a pesar dos nosos temores, tivémo-la a sorte de comezar ilusionadas unha tarefa fermosa e chea de esperanza.

Graciñas a Miguel e Xulio, os cregos, polo seu cariño e preocupación pola xente desta zona e por traballar desinteresadamente en favor de todos.

Graciñas ás relixiosas da Asunción polo seu apoio e ánimo dende o primeiro momento.

Graciñas dunha forma moi especial a tódolos veciños que con tanto agarimo nos acollestes. Gracias pola vosa cercanía, hospitalidade, apertura e por compartir cada día con nós o que tiñades.

Por isto e máis cousas, en pouco tempo sentínme unha de vós. Uns meses antes isto non entraba nos meus cálculos. A zona rural nunca estivera presente nas miñas expectativas. Creo que foi cousa de Deus ese desexo de intentar seguir a Xesús de Nazaret alí onde me necesitasen. Os que me coñecían, ¡ben que se estrañaron de min!

¡E canto aprendín! Redescubrín a beleza da natureza, as árbores que apenas coñecía, carballos e castiñeiros. Os camiños que moito me facilitaron a relación e comunicación cos veciños.

Descubrín a paciencia, o tesón e o saber esperar do home do campo, a pesar das inclemencias do tempo e contrariedades que veñen de moitas maneiras. A ilusión e a loita dos labregos e gandeiros novos por mellora-la súa situación e transmitir-lo cariño e ilusión por algo tan importante como é a terra dun, a xente e a vida das aldeas.

Redescubrín o valor e importancia das cousas



ben feitas inda que sexan ben pequeniñas. A grandeza das minorías. O sentido das tradicións festivas, a importancia dos encontros entre veciños. A necesidade das relacións interxeracionais para que a riqueza destes lugares non desapareza.

A fortaleza e o traballo das mulleres na casa, co gando, nas hortas e sobre todo cos fillos. E a preocupación por estar ó día.

A ilusión de moitos novos polos seus lugares e o traballo desinteresado animando a vida de todos.

A pesar de ter vivido moitos anos cos enfermos e vellos, neste tempo redescubrín tamén a súa moita riqueza, ó longo das viaxes-convivencia nos que cada ano tiveron a gran sorte de participar con eles. ¡Que experiencia tan boa a de compartir, ter detalles, bo humor! A riqueza expresada tamén ó longo dos distintos lemas que cada ano na festa dos maiores se intentaba resaltar.

Descubrín unha nova forma de vivi-la miña vida relixiosa, nunha casíña de aldea, nunha comunidade pequena. Experimentei o gozo grande de comparti-la fe cada día do Señor cos veciños das parroquias nas que, inda que poucos, sentíame comunidade parroquial.

Tamén descubrín cousas moi amargas. A xente maior vivindo soa e os poucos nenos fan que o futuro se vexa con preocupación. A situación de abandono que en moitos momentos sofre o campo por parte da Administración. E aparece o desánimo nos novos por seguir aí. As malas comunicacións, as poucas oportunidades, a rutina.

Agora tócame vivir na beira do mar, un lugar precioso mentres non chegue o chapapote. A solidariedade ante este problema está notándose moito.

Unha aperta chea de agarimo e graciñas por todo o vivido aí e o que me ensinastes. A riqueza da zona rural non podemos deixar que se perda; parte está nas nosas mans.

Adela Arias

O Nadal derrete a neve en Lousada



A neve, fenómeno non estraño nestas terras, soe face-la súa visita anual, e logo déixanos. Cando chega a neve, por suposto que xa hai tempo que non cantan os grilos, as andoriñas xa se foron, só algún pardal, atoutiñando, busca onde comer e se acubillar. Toda a natureza está queda, silandeira... Só se escoitan os regatos, o vento que zoa nas antigas carballeiras, que nos falan duna longa historia vivida. Contémplase o verdor dos prados, que se troca pola brancura desta visita que chega. Fermosura na paisaxe, calor que loita contra o frío, nas lareiras, nas grandes cociñas de ferro, nas chemineas que se erguen no lugar, onde a familia acouga, despois do seu traballo no agro, no estábulo...

A neve acocha as prantiñas, cerra a comunicación física nalgún camiño pero enchoupa a terra, que gardará esta riqueza e nola irá regalando ó longo do ano. Nunca a neve, poderá xea-lo corazón humano. Este hase protexer doutras Neves, doutros fríos, que o poden asolagar, incomunicar, destruír...



O home, a persoa é un paradoxo, pois vive o seu equilibrio entre a súa limitación e a súa posibilidade de crecemento. Conta, entre as súas capacidades, coa sensibilidade humana, coa capacidade de relación, coa capacidade de transcenderse a si mesmo... Por isto e por algo máis, é capaz de da-lo salto á fe e vivi-la súa vida desde unha nova óptica. Desde aquí xa seremos capaces de lle chamar Pai a Deus, porque nace unha nova conciencia de que os demais, sexan ou non do noso sangue, son nosos IRMÁNS. Tamén, desde aquí, a Encarnación do fillo de Deus deixa de ser unha teoría para ir pasando a ser unha realidade, alomenos ansiada e buscada. Se os nosos corazóns están xeados, hanse ir tomando en fogar quente e acolledor.

Esta é a experiencia da Comunidade do "NOSO LAR" de Lousada, que desde o día 22 de decembro, e de acordo coa programación previamente coñecida por todos, tivémo-la sorte de poder compartirlas Festas do Nadal e, de momento, o mes de xaneiro cun grupo, nun principio, de 8 persoas, logo de 7, agora de 6. Este foi, de momento, o grupo estable, pero, o que foron os días de festa, compartímolos xuntándonos unhas 20 persoas. Nadal (24 e 25), Noite Vella e Aninovo, Reis e s. Antón. Cando esta experiencia de sentirnos irmáns, aínda coas nosas limitacións, é unha realidade, a riqueza que aportan as persoas, espidas de todo protocolo e de todo prexuízio, é abraiante. Hai unha sabedoría nas xentes dos nosos núcleos rurais da que, ás veces, sabemos pouco e da que temos moito que aprender.

Tamén é de subliñar, tamén, a cercanía, o interés, a colaboración dos veciños do lugar.

Poder vivir esta experiencia de comunión, non ten prezo. Vivir en agradecemento a Deus, que nos colocou aquí e a toda a xente que a fai posible, será a nosa postura.

Comunidade "O NOSO LAR" de Lousada



SUBSCRICIÓN COLABORADOR

Festa en homenaxe ós nosos maiores: unha celebración gozosa, entrañable e solidaria;
as vacacións-convivencia para maiores: merecida recompensa tras unha vida de traballo;
casa de acollida temporal: onde os anciáns teñen un fogar,
catro libros con aportacións á historia de Samos desde a nosa cultura,
o presente boletín semestral...

Nestas e outras actividades vaise concretando o lema da Fundación **O Noso Lar**:
Ó servizo da xente da nosa terra.

Se queres recibir los sucesivos números deste boletín, envía á Fundación **O Noso Lar**,
San Román de Lousada, 27620 Samos, Lugo, os teus datos (nome e enderezo)

Nome e apelidos

NIF Rúa

Nº Piso Porta Código postal

Localidade Provincia Teléfono

Se ademais desexas colaborar economicamente cos fins da Fundación **O Noso Lar**, envíanos tamén os seguintes datos:

IMPORTE

- ☐ 12 Euros
☐ 30 Euros
☐ 60 Euros
☐ Outros Euros

PERIODICIDADE

- ☐ Mensual
☐ Trimestral
☐ Semestral
☐ Anual
☐ Única

FORMA DE PAGO

- ☐ Domiciliación bancaria
☐ Talón bancario a nome de:
Fundación **O Noso Lar**
☐ Xiro postal

CONTAS PARA DONATIVOS A TRAVÉS DE INGRESOS E TRANSFERENCIAS

Banco Pastor - Samos. 0072 - 0247 - 92 - 0000200484

DOMICILIACIÓN BANCARIA

Titular da conta Banco ou Caixa

Dirección bancaria Nº

Código postal Poboación Provincia

CÓDIGO CONTA CLIENTE

Código entidade Código oficina D. C. Número de conta

Periodicidade Importe

Firma do titular



¡Qué bonitas eran
noutro tempo as rosas
que naqueles campos
medran e se esfollan!
Mais muchas entonces
Se mostraban todas.

ROSALÍA DE CASTRO

“Lembrabaa vestida de domingo, cos cabelos recollidos
e a blusa branca resaltándolle os ollos. A man collida do brazo
da nai para entrar na igrexa. As engurras visten agora eses ollos
húmidos e brillantes e a man suxeita o brazo dun home serio. Ás
vezes unha mirada atrás doe máis ca incertidume de ollar cara o
futuro, sobre todo se non estás certo de que aínda existirás
mañá. Fiquei alí, quedo, ás portas da igrexa de vellas pedras. No
corazón unha sensación abafante, coma a que queda no corpo
cando estás ó pé da vía e perde-lo tren”.

ISABEL CHOUSA



"Se vas axiña,
o tempo volará diante de ti,
coma unha bolboreta esquiva.
Se vas despacio,
O tempo irá detrás de ti,
Coma un boi manso".

Juán Ramón Jiménez

"Ata que temos unha certa idade coidamos que somos
nós os que decidimos cal vai se la nosa traxectoria na ruta polo
espacio. Andando o tempo, descubrimos, case de súpeto, que o
camiño da vida viaxa por raís, que alguén os colocou para nós e
que a única decisión que nos corresponde afecta a tomar un ou
outro desvío. Mágoa que os camiños de ferro da vida só se
poidan vislumbrar dende a serenidade da senectude".

Isabel Chousa